

## PROCEDIMENTO DE RESERVA DE PRAZA

### NORMAS XERAIS

Curso 2026/2027

#### PRAZO ADMISIÓN DA DOCUMENTACIÓN

Dende o día 27 de abril ao 29 de maio, ámbolos dous inclusive, estará aberto o prazo de RESERVA DE PRAZA na Escola Municipal de Música Magariños, para o próximo Curso 2026/2027 para o alumnado matriculado no presente curso académico.

#### DOCUMENTACIÓN QUE DEBE PRESENTAR

1. Impreso de solicitude de reserva de praza.
2. Fotocopia do libro de familia numerosa no caso de modificación da situación familiar con respecto ao curso anterior.
3. Impreso de domiciliación bancaria.

No caso que estes documentos xa existan no centro e non hai modificacións non haberá que aportalos de novo.

#### CONDICIÓN, DEREITOS E DEBERES

##### Condicións do procedemento de reserva de praza

1. O enchemento e entrega desta solicitude de reserva de praza supón a aceptación de todas as condicións, normas e regras coas que conta o centro.
2. O centro pon ao dispor do alumnado a normativa vixente de prezos, onde se establecen as cotas e bonificacións de todas as especialidades.
3. O centro pon ao dispor do alumnado os documentos que recollen as normas de funcionamento, normas de uso das instalacións e as obrigacións e dereitos do alumnado e profesorado.

##### Reserva de praza

O alumnado optará coa formalización de reserva de praza á especialidade de instrumento/s que cursou no terceiro trimestre do curso académico vixente. No caso do alumnado de **Música e Movemento** e con cambio de Nivel Académico, optará á elección **dunha especialidade instrumental** por primeira vez das ofertadas polo centro (ver Anexo I).

##### Normas de pago

1. As obrigacións de pago nace dende que se inicia o servizo ou realización de calquera das actividades na Escola Municipal de Música Magariños.
2. As taxas da Escola Municipal de Música Magariños efectúanse en tres cotas trimestrais mediante domiciliación bancaria ou ben recibos trimestrais.
3. A falta de pagamento no prazo establecido será motivo de baixa.
4. Cando por causas non imputables ao obrigado ao pago, o servizo ou actividade non se preste o desenvolva, procederase á devolución do importe correspondente. No procedendo a devolución cando a falta de presentación efectiva da actividade sexa imputable ao solicitante interesado.
5. As baixas de alumnado deberán ser asinadas por escrito na secretaría da Escola tanto presencial ou vía e-mail: [esmuma@concellodebrion.gal](mailto:esmuma@concellodebrion.gal) achegando o impreso de solicitude de baixa. As baixas faranse efectivas ao iniciarse o período seguinte no que foron solicitadas.
8. Considerase alumno matriculado activo a todo aquel, que comeza un período e que non notificara a súa baixa.
9. Non se admitirá matrícula a alumnos/as con recibos pendentes doutros cursos.

##### Taxas

As taxas e prezos polos servizos prestados pola Escola Municipal de Música Magariños regulados segundo a Ordenanza Fiscal 20-PP e publicada no BOP nº 178 do 16 de setembro.

##### Descontos e bonificacións

Os descontos recollidos na Ordenanza Fiscal 20-PP están previstos nos seguintes ámbitos: familia numerosa, varios membros inscritos no centro, membros da Banda de Música Municipal e segunda especialidade.